

RESOLUCIÓN DE TESOUSERÍA

APROBACIÓN DO CALENDARIO FISCAL 2017

Pola Tesourería desta Deputación Provincial – ORAL ditouse no día de hoxe, de conformidade coa normativa vixente a seguinte RESOLUCIÓN:

En cumprimento do deber da administración tributaria de poñer a disposición dos contribuíntes a información necesaria para cumprir coas obrigas tributarias e fiscais, recollida no artigo 34 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e unha vez vistos o artigo 62.3 da mesma lei, o artigo 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e 5 do RD 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, procede fixar coa antelación suficiente os prazos de pagamento do período voluntario de cobranza para os tributos de cobro periódicos e de notificación colectiva sobre os que a Deputación Provincial de Pontevedra ten delegadas as competencias de xestión e recadación.

Ó abeiro do establecido no artigo 23 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación da Deputación de Pontevedra, RESÓLVASE:

PRIMEIRO.- Aprobar o Calendario Fiscal do contribuínte para o exercicio 2017, consonte ós prazos sinalados nos cadros que se xuntan, e coas especificacións que a continuación se describen.

SEGUNDO.- Proceder á súa difusión mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a súa remisión ós concellos e demais entes delegantes e a comunicación a través de medios telemáticos (Oficina Virtual Tributaria – ORAL), para xeral coñecemento dos particulares.

ANEXO

CALENDARIO FISCAL DO CONTRIBUÍNTE 2017

Impostos	Data Inicio	Data Fin	Data Cargo Cta. (1)	Data Cargo Cta. (2)	
I.V.T.M.	6 de abril	6 de xuño	5 de maio	--	
I.B.I.	16 de agosto	31 de outubro	3 de outubro	<i>1º prazo</i>	<i>2º prazo</i>
				4 de setembro	3 de outubro
I.A.E.	1 de setembro	2 de novembro	2 de novembro	--	

Taxas e P.P.	Data Inicio	Data Fin	Data Cargo Cta. (1)
1º trimestre	3 de febreiro	3 de abril	3 de marzo
2º trimestre	5 de maio	5 de xullo	5 de xuño
3º trimestre	4 de agosto	4 de outubro	4 de setembro
4º trimestre	27 de outubro	27 de decembro	1 de decembro

(1).- Data de cargo en conta para os recibos con orde de orden de domiciliación bancaria (D.B.) polo importe total do recibo.

(2).- Data de cargo en conta para os recibos con orde de orden de domiciliación bancaria (D.B.) en 2 prazos, cada un deles polo 50% do importe do recibo.

Pontevedra, 3 de novembro de 2016

 O Tesoureiro
Miguel Ángel Santirso Fernández